



RESOLUCIÓN POLA QUE SE FIXAN MEDIDAS ADICIONAIS E COMPLEMENTARIAS ORGANIZATIVAS AS ADOPTADAS ANTERIORMENTE POR ESTE CONCELLO EN RELACIÓN AOS DISTINTOS SERVIZOS CON MOTIVO DO COVID-19

O día 13/3/2020, ditouse unha resolución por parte desta Concellería, posteriormente modificada por resolución do 15/3/2020, relativa ao establecemento de medidas para adoptar nos distintos servizos do Concello de Pontevedra con motivo do Covid-19. Así mesmo, o día 16/3/2020, ditouse unha resolución que procedía a modificar as anteriores.

A situación actual de crise sanitaria esta esixindo un replanteamento continuo das medidas a adoptar para garantir, por unha parte, a seguridade e saúde dos/as empregados/as públicos/as e, por outro, para asegurar o mellor funcionamento desta organización e a adecuada prestación dos servizos públicos tendo en conta a situación existente, especialmente o Real decreto 463/2020, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Así mesmo, desde a aprobación das resolucións anteriormente sinaladas, púxose de manifesto que se debe proceder a realizar unha serie de cambios na relación e determinación dos servizos críticos ou esenciais. Despois dunha análise de o que se debe considerar ou non como servizo esencial, estimase que se deben incorporar a esta categoría a unha serie de colectivos e servizos e unidades e, ao mesmo tempo, pode suprimirse algún destes. Nesta liña, estimase que se deben elevar a categoría de esencial ás unidades de Presidencia e Servizos Xerais, Gabinete de Alcaldía e os colectivos de Directores Xerais, habilitados/as nacionais, Xefes/as de Servizo e de Oficina e o técnico de prevención de riscos laborais. Non obstante, considerase que a unidade operativa de conserxería non debe ter esta condición, excepto o persoal que presta o servizo de centralita.

Así mesmo, é necesario ter en conta o recentemente aprobado Real decreto-lei 10/2020, polo que se regula un permiso retribuído recuperable para as persoas traballadoras por conta allea que non presten servizos esenciais, co fin de reducir a mobilidade da poboación no contexto da loita contra o COVID-19, no que por unha parte se regula un permiso retribuído recuperable, de carácter obrigatorio, entre o 30 de marzo e o 9 de abril de 2020, ambos inclusive, para os empregados que se atopan dentro do ámbito de aplicación deste regulamento e se contempla e habilita ás entidades locais para ditar as instrucións e resolucións que sexan necesarias para regular a prestación de servizos dos empregados públicos incluídos no ámbito de aplicación do Real decreto legislativo 5/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico dos empregados públicos, co obxecto de manter o funcionamento dos servizos públicos que se consideren esenciais.

Tendo en conta esta última norma, estimase que en servizos esenciais, que están excluídos con carácter xeral do ámbito de aplicación do citado Real decreto-lei, non se van facer modificacións no seu funcionamento excepto na determinación das unidades que merecen esta cualificación. En cambio, nos non esenciais, preténdese determinar que aquel persoal que non preste servizos mediante algunha modalidade de traballo, durante o período comprendido entre o 31 de marzo e o 9 de abril de 2020, seralle de aplicación o disposto no Real decreto-lei 10/2020, polo que se regula un permiso retribuído recuperable para as persoas traballadoras por conta allea que non presten servizos esenciais, co fin de reducir a mobilidade da poboación no contexto da loita contra o COVID-19, en particular, o disposto para o permiso retribuído recuperable. Exceptúanse disto, ademáis do persoal excluído do ámbito de aplicación desta norma, o persoal sensible ou afectado polo peche de centros educativos e de maiores e que teña ao seu cargo menores de 12 anos ou maiores dependentes que non poidan prestar traballo a distancia. Establécese como data de comezo do período, o día 31 de marzo, porque se ten en conta que a presente resolución vaise ditar o día 30/3/2020 e, estimase que se debe aplicar a partir do día seguinte.

Por outro lado, este Concello ten a intención de profundizar no traballo a distancia, como xa o está demostrando, especialmente mediante o traballo en remoto mentras a situación de crise o requira, pero sempre tendo en conta as dispoñibilidades técnicas deste, que se garanta os mínimos presenciais que se determinen polos/as responsables dos servizos e se teñan en conta as necesidades de servizo así como as preferencias indicadas na apartado 5ª.a.2. da resolución desta concellería de data 16/3/2020, pola que se fixan medidas adicionais e complementarias organizativas ás resolucións anteriores de data 13/3/202 e do 15/3/2020 relativas ao establecemento de medidas para adoptar nos distintos servizos do Concello con motivo do COVID-19 e se establecen criterios específicos para a aplicación destas resolucións. En todo caso, para aqueles/as que non estén prestando servizos mediante esta modalidade de traballo e pretendan





acollerse a ela, debe avaliarse a súa posibilidade por parte do/a responsable do servizo así como por parte da Dirección Xeral de Recursos Humanos.

En todo caso, para os que a partir da data da presente resolución pretendan realizar o seu traballo en remoto e non estén acollidos a esta modalidade con anterioridade á mesma, deberase contar co conforme do responsable do servizo e, este último, comunicar mediante un correo electrónico á Dirección Xeral de Recursos Humanos que se pretende facer uso desa posibilidade, indicando o/a empregado/a público/a que se quere acoller a esa modalidade e o persoal que ten preferencia. A Dirección Xeral deberá avaliar as posibilidades técnicas de facilitar ese traballo en remoto e ter en conta as necesidades de servizo expostas. Se o resultado da avaliación é positivo entón autorízase, en caso contrario, non.

En todo caso, no ditado desta resolución tense en conta a necesidade de conciliar a seguridade e saúde da cidadanía e dos/as empregados/as públicos/as coa mellor prestación dos servizos públicos a todas as persoas.

A vista do exposto, RESOLVO, aprobar a seguinte instrucción:

Primeiro.- Obxecto e carácter

a. O obxecto da presente resolución é establecer as medidas adicionais e complementarias organizativas ás que fai referencia as resolucións desta concellería de data 13/03/2020, 15/03/2020 e 16/3/2020 relativas ao establecemento de medidas para adoptar nos distintos servizos do Concello de Pontevedra con motivo do Covid-19, modificando a determinación dos servizos esenciais ou críticos e precisando a aplicación ao Concello de Pontevedra do Real decreto-lei 10/2020, polo que se regula un permiso retribuído recuperable para as persoas traballadoras por conta allea que presten servizos esenciais, co fin de reducir a mobilidade da poboación no contexto da loita contra o COVID-19 os servizos non esenciais. Así mesmo, insístease en favorecer a implantación do traballo a distancia.

b. A presente resolución é de obrigado cumprimento para todos/as os/as empregados/as públicos/as que estén dentro do ámbito de aplicación da mesma.

Segundo.- Ámbito de aplicación

A presente resolución será de aplicación a todos/as os/as empregados/as públicos/as do Concello de Pontevedra e do organismo autónomo Pazo de Congressos e Exposicións, agás ao persoal integrante dos Servizos de Prevención e Extinción de Incendios e da Policía Local, ágas o disposto no punto terceiro desta, unicamente no aspecto relativo a que se considera a estes dous servizos como esenciais ou críticos.

Terceiro.- servizos críticos e esenciais.

Modifícase o punto "*cuarto.- servizos críticos ou esenciais*" da Resolución desta concellería de data 16/3/2020, polo que se fixan medidas adicionais e complementarias organizativas ás resolucións anteriores de data 13/3/2020 e do 15/3/2020 relativas ao establecemento de medidas para adoptar nos distintos servizos do Concello con motivo do covid-19 e se establecen criterios específicos para a aplicación destas resolucións, que queda redactado da seguinte forma:

Consideráanse servizos esenciais ou críticos os seguintes colectivos, unidades ou servizos:

- Directores Xerais e habilitados/as nacionais.
- Xefes/as de Servizo e de Oficina.
- Técnico de prevención de riscos laborais
- Corpo da policía local.
- Servizo de Extinción de Incendios.
- Presidencia e Servizos Xerais.
- Gabinete de Alcaldía.
- OTAP.
- OTMAIES.
- Benestar Social.
- Cemiterios.





- Mercados.
- Intervención.
- Órgano de Xestión Orzamentaria e Contabilidade.
- Órgano de Tesourería e Xestión Tributaria.
- Servizo de Contratación.
- Servizo de Secretaría e Asuntos Xerais, excepto a Sección de Servizos Compartidos e a unidade operativa de conserxería. Non obstante a excepción anterior, si terán carácter esencial os/as subalternos/as que presten servizos na centralita do Concello.
- Servizo de Informática.
- Asesoría Xurídica.

Cuarta.- servizos non esenciais.

1. Todos/as os/as empregados/as públicos/as que non teñan a consideración de servizo esencial, e non presten servizos mediante algunha modalidade de traballo, durante o período comprendido entre o 31 de marzo e o 9 de abril de 2020, seralle de aplicación o disposto no Real decreto-lei 10/2020, polo que se regula un permiso retribuído recuperable para as persoas traballadoras por conta allea que non presten servizos esenciais, co fin de reducir a mobilidade da poboación no contexto da loita contra o COVID-19, en particular, o previsto para o permiso retribuible recuperable.

2. Exceptúanse da aplicación do disposto no parágrafo anterior ao seguinte persoal:

- O que esté expresamente excluído do ámbito de aplicación do Real decreto-lei 10/2020, tal como se precisa no artigo 1.2) desta norma.
- Os/as empregados/as públicos/as que non tendo a consideración de servizo esencial, teña a condición de persoal sensible ou afectado polo peche de centros educativos e de maiores e que teña ao seu cargo menores de 12 anos ou maiores dependentes que non poidan prestar traballo a distancia. Este persoal exceptuado deberá comunicar, senón o fixo antes, a condición que lle permite acollerse a mesma, nos mesmos termos que se dispón por este Concello para todo o persoal que ten que acreditar ditas circunstancias.

Quinto.- Traballo a distancia, en particular, mediante traballo en remoto.

O Concello seguirá profundizando, na medida do posible, na modalidade do traballo a distancia tendo en conta sempre as dispoñibilidades técnicas deste, que se garanta os mínimos presenciais que se determinen polos/as responsables dos servizos e se teñan en conta as necesidades de servizo así así como as preferencias indicadas na apartado 5.a.2. da resolución desta concellería de data 16/3/2020, pola que se fixan medidas adicionais e complementarias organizativas ás resolucións anteriores de data 13/3/202 e do 15/3/2020 relativas ao establecemento de medidas para adoptar nos distintos servizos do Concello con motivo do COVID-19 e se establecen criterios específicos para a aplicación destas resolucións.

En todo caso, para os que a partir da data da presente resolución pretendan realizar o seu traballo en remoto e non estén acollidos a esta modalidade con anterioridade á mesma, deberase contar co conforme do responsable do servizo e este último comunicar mediante un correo electrónico á Dirección Xeral de Recursos Humanos que se pretende facer uso desa posibilidade, indicando o/a empregado/a público/a que se pretende acoller a esa modalidade e o persoal que ten preferencia. A Dirección Xeral de Recursos Humanos deberá avaliar as posibilidades técnicas de facilitar ese traballo en remoto e ter en conta as necesidades de servizo expostas. Se o resultado da avaliación é positivo autorízase, en caso contrario, non.

Sexto.- Revogación.

Queda revogado o contido das resolucións anteriores ditadas por esta concellería exclusivamente nas partes que sexan incompatibles con esta. No resto de aspectos, seguen rexendo as resolucións ditadas por esta concellería en materia de persoal, en particular as acordadas con motivo do COVID-19, e demais normativa aplicable.

Sétimo.- Vixencia

A presente instrución entrará en vigor desde a súa sinatura e manterase entanto non se dita outra que a deixe sen efecto total ou parcialmente en función da evolución da crise sanitaria.





Oitava.- Publicidade

A presente resolución publicarase na sede electrónica e daráselle difusión mediante a súa comunicación aos responsables de servizo e as organizacións sindicais presentes na mesa xeral de negociación dos empregados públicos.

Pontevedra, na data de sinatura electrónica.

